



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO A outubro – decembro 2015

14 de outubro: entregamos...



La mujer de un sólo hombre, de A.S.A. Harrison

Jodi e Todd viven en Chicago nun amplo apartamento tras máis de vinte anos xuntos. Todd posúe unha pequena empresa construtora e Jodi é psicoterapeuta. Non obstante, a idílica relación entre Jodi e Todd parece ter algún punto vulnerable. Certos feitos ameazan con estragar a súa apracible existencia.

Comentario: 28 de outubro

28 de outubro: entregamos...



Charlotte, de David Foenkinos

Charlotte Salomon, pintora alemá de orixe xudía, deixa Berlín tras unha infancia marcada por unha traxedia familiar e unha relación amorosa que deixará nela unha pegada definitiva, e pon rumbo a Francia fuxindo dos nazis. No sur de Francia espéranos os seus avós, os cales custodian un segredo que Charlotte non pode coñecer.

Comentario: 11 de novembro

11 de novembro: entregamos...




El palacio azul de los ingenieros belgas, de F. Argüelles

Nalo, un raparigo de orixe humilde, é contratado como aprendiz de xardiñeiro na residencia dunha acomodada familia belga na zona mineira asturiana. Estamos na primeira metade do século XX e ás portas dun importante movemento político e social.

Comentario: 25 de novembro

25 de novembro: entregamos...




Morgana en Esmelle, de Begoña Caamaño

Unha ollada diferente sobre o mundo artúrico e a Terra de Miranda. A chegada de Morgana racha a aparente serenidade coa que Merlín vive na fraga de Esmelle. Na novela de Begoña Caamaño, a medio irmá e amante de Artur entra na casa de Miranda en procura de respostas á súa infelicidade.

Comentario: 9 de decembro

9 de decembro: entregamos...



La firma de todas las cosas, de Elizabeth Gilbert

Alma Whittaker é filla dun botánico audaz e dunha estrita holandesa de boa familia. Independente e con sede de coñecementos, introdúcese no mundo das plantas e da ciencia. Con todo, o home a quen ama camiña no sentido contrario, cara ao mundo do espiritual e o máxico. As súas contrastadas personalidades únense, pese a todo, nun desexo de coñecer como funciona o mundo.

Comentario: 20 de xaneiro

**Suspéndese a sesión inicialmente programada para o 23 de decembro.
O libro correspondente -"La muerte de Iván Ilich" de Lev Tolstói- queda posposto para o 2º ou 3º trimestre.**